

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CPI ANTONIO ORZA COUTO

CURSO: 5º PRIMARIA

MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

DATA: 11/ 05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none">◆ Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.◆ Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.◆ Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.◆ Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.◆ Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.◆ Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.◆ Usar ferramentas informáticas para completar actividades pre elaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.	<ul style="list-style-type: none">◆ Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.◆ Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.◆ Amona interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.◆ Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.◆ Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo.◆ Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.◆ Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.

2. Avaliación e cualificación

AVALIACIÓN	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Durante este terceiro trimestre levarase a cabo unha avaliación continua. Para promocionar ao seguinte curso terase en conta a primeira e a segunda avaliación do curso. O último trimestre conta un máximo dun 10% do curso académico.</p> <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>As tarefas terán que ter unha presentación correcta e limpa. Empregar o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira, na medida do posible. Amosar motivación e interese en aprender a lingua estranxeira. As tarefas serán corrixiadas de xeito dixital polo mestre vía diferentes plataformas. Recoñecer a lingua como un medio de comunicación imprescindible.</p> <p><u>Teranse en conta:</u></p> <p>A situación familiar que vive o alumno xa que esta inflúe no seu traballo e rendemento e motivación. Necesidades educativas especiais que poidan presentar os alumnos.</p>
Cualificación final	<p><u>Valorarase:</u></p> <p>O interese en manter unha continuidade nas tarefas. A presentación das tarefas por distintas vías segundo a situación das familias (Aula Virtual, correo electrónico, teléfono, vídeo chamadas, e/ou <i>whatsapp</i>).</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Contos auténticos (<i>storybooks</i>) • Contos adaptados • Vídeos • Crebacabezas con textos escritos • Cancións populares • Proxectos (individuais e en parella) • Manualidades (representacións de textos) • Audios • Cómicos • Receitas tradicionais • Xogos en liña • Uso de dicionarios en liña
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>É primordial facilitar unha aprendizaxe construtiva a partir das actividades con retos estimulantes onde se fomente o uso da lingua estranxeira. A variedade das actividades promocionan o interese do alumnado e adaptanse a diferentes necesidades educativas. É precisa a flexibilidade para adaptarse a diferentes necesidades e situacións, relevantes á situación familiar ou a conectividade, por exemplo.</p> <p>Presentar as estruturas e o vocabulario nun contexto e facilitar a exposición da lingua estranxeira nun contexto coñecido polo alumnado, como pode ser mediante o uso dos contos <i>auténticos (storybooks)</i>. Estes contextos poden favorecer a participación activa do alumnado e permite un andamiaxe (<i>scaffolding</i>) significativo.</p> <p>A aprendizaxe non consiste na clasificación en compartimentos. Pola contra, trátase de transferir información relevante e estratexias entre diferentes áreas. Por exemplo, estratexias de lectura efectiva dende L1 a L2.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregamos o libro de texto "<i>Big Surprise 5</i>" de <i>Oxford University Press</i> como repaso das estruturas e vocabulario do primer e segundo trimestre. Este libro de texto ofrece unha variedade de materiais:</p> <p><i>Mixed Ability Book</i> <i>Catch-up</i>: Revisión xeral. <i>Support</i>: Consolidación. <i>Reinforcement</i>: Traballo adicional. Ao nivel de libro de actividades (<i>Activity Book</i>). <i>Extension</i>: ofrece material cun reto maior.</p> <p>Material dixital: Vídeos (feitos polo alumnado, a mestra e, outros baixado de distintas páxinas) <i>Ebooks</i> Xogos en liña Dicionario en liña</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> • Maioritariamente por Aual Virtual (Google Classroom). • Video conferencias (Webex – Cisco). • Por correo electrónico. • No caso das familias sen ordenadores ou pouca conectividade, será por teléfono co número persoal da mestra, mensaxes por <i>Whatsapp</i>, e videochamadas da mestra.
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Publicaranse as tarefas cada quincena.</p> <p>Subiranse tamén as tarefas á Aula Virtual (Google Classroom).</p>